

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 29.06.2018 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 29 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

31101 (10/POC-004914)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns da diferenza existente entre as estimacións do Instituto Galego de Estatística e as do Instituto Nacional de Estatística referidas á taxa de variación do PIB de Galicia no período 2014-2016, os datos respecto disto e a existencia dalgún mecanismo de colaboración entre os dous organismos para ese fin, así como a fonte que utiliza a Xunta de Galicia para a elaboración do cadro macroeconómico dos orzamentos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1

4010 (10/PNC-000372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da eliminación do imposto especial da electricidade e a rebaixa do IVE para abaratar a factura da enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

2.2

23035 (10/PNC-001846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia durante o primeiro semestre de 2018, da posición da Xunta de Galicia nos eidos sinalados como prioritarios no documento titulado "Análise do impacto do "Brexit" en Galicia"

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

2.3

25684 (10/PNC-001980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia de políticas destinadas á posta en marcha de políticas tendentes a evitar as desigualdades entre territorios e á cohesión social

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018

2.4

31098 (10/PNC-002507)

Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación
co cumprimento dos principios e actuacións da economía social polas
cooperativas de traballo asociado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

2.5 31661 (10/PNC-002567)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha estratexia de emprego
centrada nas mulleres e na xente moza, que permita evitar as desigualdades
de xénero e idade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

2.6 32480 (10/PNC-002655)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 7 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central
para o establecemento de beneficios fiscais para as persoas afectadas pola
explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de
Tui. (Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis
horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 29.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 29.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 31101(10/POC-004914)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as razóns da diferenza existente entre as estimacións do Instituto Galego de Estatística e as do Instituto Nacional de Estatística referidas á taxa de variación do PIB de Galicia no período 2014-2016, os datos respecto disto e a existencia dalgún mecanismo de colaboración entre os dous organismos para ese fin, así como a fonte que utiliza a Xunta de Galicia para a elaboración do cadro macroeconómico dos orzamentos

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018



Á Mesa do Parlamento

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 3.^a**

Nas análises de conxuntura sobre a economía dun territorio a variable central de estudio é o crecemento económico medido a través da variación do PIB.

A taxa de variación do PIB é un dato fundamental, porque a cifra de produción de bens e servizos constitúe a variable coa que se referencia o resto, porque máis alá do seu valor absoluto a forma de medir a maioría dos parámetros económicos e en termos relativos comparados co PIB.

Dispoñer dunha estimación críbel do PIB é básico, porque determina o resto das análises macroeconómicas. Por iso é moi preocupante as diferencias que de forma habitual existen entre as estimacións que realiza o Instituto Nacional de Estatística e o Instituto Galego de Estatística, unha situación que alcanza a súa máxima distorsión na fase alcista do ciclo iniciado en 2014.

Segundo o IGE o PIB de Galicia medrou o 1,3% en 2014, o 2,4% en 2015 e o 3,1% en 2016, o que supón unha cifra acumulada do 6,9% no período 2014/2016. Á súa vez o INE di que o incremento foi do 0,6% en 2014, do 4,2% en 2015 e do 3,6% en 2016, isto é, un 8,6% acumulado % no período 2014/2016.

Como se ve as diferenzas son enormes, tanto no acumulado como, sobre todo, en cada exercicio.



En termos acumulados, a diferenza é de 1,7 puntos, o que equivale a máis de 1.000 millóns de euros de diferenza, unha cifra nada desprezable de produción de riqueza en só tres exercicios.

Pero as grandes diferenzas danse cando se analiza cada exercicio por separado, porque de algunha forma ambas institucións acaban compensando as diferenzas ao longo do período.

En 2014 a estimación do IGE, o 1,3%, é o dobre que a do INE, que deixa en 0,6% o incremento do PIB dese ano.

En 2015 é ao revés, o IGE di que a economía galega medrou o 2,4% mentres que o INE eleva ata un 4,2% o incremento.

Por último en 2016 a diferenza redúcese a 0,5 puntos ata coincidir en 2017.

A estimación do PIB é iso, unha estimación e non unha medición, e por iso entra dentro da lóxica que se produzan lixeiras desviacións cando son dous os institutos de estatística os que realizan as estimacións.

Pero as diferenzas no período 2014/2015 non entran dentro desta categoría de desviación comprensibles. As diferenzas son de tal dimensión que distorsionan as análises económicas. Non é un debate de técnica estatística nin académico, e mesmo vai máis alá do debate político.

Existe un problema de confianza de credibilidade, de incertidume ante cifras tan diferentes que poden chegar a cuestionar a validez dos mesmos, perdendo calidade para servir de referencia sólida para a toma de decisións, tanto publicas como privadas.

A partir destes datos, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:04
Nº Rexistro: 31101
Data envío: 16/05/2018 18:04:46.022



- 1.ª) Como explica a Xunta de Galicia que exista esta diferenza tan elevada entre as estimacións do IGE e as do INE?
- 2.ª) Cales son as cifras que utiliza a Xunta de Galicia, os do IGE ou os do INE?
- 3.ª) Canto medrou a economía galega entre 2014 e 2017?
- 4.ª) Existe un mecanismo de colaboración entre o IGE e o INE para a estimación do crecemento do PIB e outras variables macroeconómicas relevantes?
- 5.ª) Para a elaboración do cadro macroeconómico do orzamento que fonte utiliza a Xunta, o IGE ou o INE?
- 6.ª) Quen ten razón, o IGE ou o INE?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 18:04
Nº Registro: 31101
Data envío: 16/05/2018 18:04:46.022



José Manuel Lago Peñas na data 16/05/2018 18:00:28

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 29.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 29.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 4010(10/PNC-000372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da
eliminación do imposto especial da electricidade e a rebaixa
do IVE para abaratar a factura da enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 4010
Data envío: 24/01/2017 13:23:49.748

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa a demandar do goberno do Estado medidas inmediatas para rebaixar o prezo da factura da electricidade mediante a actuación sobre os impostos que aplica

As consecuencias da crise socioeconómica sobre a capacidade financeira os fogares galegos continúan a ser un problema á orde do día debido á falta de recuperación económica, á consolidación do desemprego e a inestabilidade laboral e á suba dos prezos de diferentes elementos. Especial importancia ten, neste sentido, a desproporcionada suba de prezo que experimentou a factura da luz no inicio de 2017 e que pode acadar, en palabras do propio goberno do Estado español, un incremento de até cen euros no ano.

A electricidade é un ben básico e de primeira necesidade cuxa imprescindibilidade se acentúa nos meses de inverno, cando é necesario combater o descenso das temperaturas e que todas as persoas poidan garantir unhas condicións mínimas para a súa saúde e o desenvolvemento dunha vida digna. Polo tanto, as administracións deben intervir e comprometerse con poñer en marcha medidas que encamiñen cara un abaratamento da electricidade para garantir a súa accesibilidade.

Neste sentido, en paralelo á vaga de frío de xaneiro puidemos observar sucesivos anuncios por parte do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital no que se



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 4010
Data envío: 24/01/2017 13:23:49.748

atribuían a potestade de baixar a electricidade intervindo no prezo do gas. Porén ficou nunha nova cortina de fume por parte do Partido Popular en canto que abala un sistema eléctrico opaco e sen lóxica social nin territorial, tal e como temos denunciado desde o nacionalismo galego.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que sería urxente modificar por enteiro o regulamento do sistema eléctrico e intervir nun oligopolio absolutamente afastado da transparencia e caracterizado pola irracionalidade no aspecto social e no aspecto territorial. Neste sentido, temos reclamado que se recoñecemos todas e todos os axentes políticos e sociais que a electricidade é un ben de primeira necesidade, carece de toda lóxica que a situación socioeconómica das persoas non teña correlación cunha progresividade na factura eléctrica dunha forma contundente e non con medidas parche que non conducen a unha superación da situación de vulnerabilidade. Doutra banda, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado sen criterios racionais que avalíen custos de transporte, de produción ou de impacto nos territorios de transformación. Isto é froito das mesmas decisións políticas que vetan o debate sobre unha posíbel tarifa eléctrica galega que beneficie a empresas e consumidoras domésticas por sermos unha nación excedentaria canto á produción.

As empresas xeradoras de enerxía eléctrica ingresaron, no momento de asinar esta iniciativa a finais de xaneiro, até 1.000 millóns de euros pola venda de electricidade, un 131€ a respecto do ano anterior no que tiñan recadado no mesmo período 433 millóns. É indubidábel, pois, que trala suba de prezos do último mes as eléctricas obtiveron máis de vinte millóns diarios a maiores en comparación co ano precedente segundo dados da OMIE. Traslado á factura das persoas consumidoras, isto pode derivar nun incremento próximo ao 30% para a media xeral segundo datos da Axencia Provincial de Enerxía.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 4010
Data envío: 24/01/2017 13:23:49.748

Ollando á factura da electricidade, malia a súa opacidade, podemos observar como inclúe un imposto especial da electricidade, ese 5'11% que se aplica en última instancia sobre todos os conceptos do recibo eléctrico coa única excepción do alugueiro dos contadores. Ademais, sobre o conxunto da factura, tamén sobre o imposto que acabamos de describir, aplícase un IVE do 21% o que supón un dobre pagamento. Un IVE, ademais, superior no Estado español ao da media europea segundo unha análise da Axencia Internacional da Enerxía (AIE) que elaborou un estudo cunha mostra de 21 países da Unión Europea e que sitúa o recibo que pagamos en tres puntos por riba da media, que se atopa no 18%.

Polo tanto, no curto prazo hai medidas reais que o goberno do Estado español podería levar a cabo se quixer e que a Xunta de Galiza debe esixir.

Por todo isto, o grupo parlamentario do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a eliminación do Imposto Especial da Electricidade e a rebaixa do IVE como medidas urxentes para abaratar a factura da electricidade.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 4010
Data envío: 24/01/2017 13:23:49.748

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/01/2017 13:16:23

Olalla Rodil Fernández na data 24/01/2017 13:16:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/01/2017 13:16:33

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2017 13:16:36

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2017 13:16:38

Xosé Luis Bará Torres na data 24/01/2017 13:16:40

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 29.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 23035(10/PNC-001846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a presentación polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia durante o primeiro semestre de 2018, da posición da Xunta de Galicia nos eidos sinalados como prioritarios no documento titulado "Análise do impacto do "Brexit" en Galicia"

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O pasado 22 de decembro de 2017 os grupos parlamentares recibimos da Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia o documento titulado “Análise do impacto do Brexit en Galicia”, en relación coa PNP núm.1846 aprobada na sesión plenaria do 21 de febreiro de 2017.

Aínda que a introdución do documento reclama a necesaria prudencia nesta análise prospectiva, non tendo polo tanto carácter definitivo nin pechado senón que se configura dunha forma activa e dinámica, para ir actualizándose conforme ás propostas e acordos que se vaian acadando durante as negociacións do proceso, o documento acada unha serie de conclusións e recomendacións, observando finalmente a necesidade de traballar e posicionarse en varios eidos.

Despois de analizar o impacto no sector servizos e no sector industrial (automóvil, téxtil, industria conserveira e a construción), analízanse os sectores agrícola, pesqueiro, educativo, turístico e sanitario, para rematar revisando moi sinteticamente o impacto institucional e, sobre todo, a repercusión do Brexit no orzamento da UE e nos fondos estruturais e de investimento. A previsión do déficit que xerará nas contas europeas a saída do Reino Unido da UE acadaría os 10.000 millóns de euros, barallándose varios escenarios de novas contribucións ou redución de gastos para cubri-lo. A Xunta de Galicia estima que desde 1986, Galicia ten recibido arredor de 20.000 millóns de euros, tendo asignados para o período marco actual 2014-2020, 4.000 millóns dos fondos europeos. Así o Brexit, continúa o documento, podería implicar un duro golpe á política de cohesión na UE.

O documento insta a posicionarse xa en 2018 en catro eidos: seguimento periódico pola Xunta de Galicia do impacto do proceso, acordando ou instando as necesarias medidas lexislativas, administrativas ou de calquera índole; determinar a posición negociadora de Galicia en cada unha das políticas da UE,



Grupo Parlamentario

especialmente na PAC, PPC e Cohesión tras o ano 2020; reforzar os servizos de apoio a empresas, cidadáns, traballadores e calquera colectivo afectado polo Brexit; e a creación dun foro que permita o seguimento do Brexit no que participen os interlocutores económicos e sociais que serva, se di, para reflexionar sobre as consecuencias do acordo e o seu posterior desenvolvemento, así como propoñer medidas de adaptación á nova realidade en cada ámbito.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non consta no documento remitido as fontes consultadas (máis alá do repertorio de lexislación da UE) nin o posible proceso de participación ou de consulta a órganos especializados, axentes económicos e sociais, expertos ou centros de referencia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar para o seu debate na Cámara, durante o primeiro semestre de 2018, o posicionamento da Xunta de Galicia nos eidos identificados como prioritarios no seu documento de Análise do impacto do Brexit en Galicia.

Pazo do Parlamento, 15 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/01/2018 11:56:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/01/2018 11:57:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/01/2018 11:58:06

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/01/2018 11:58:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 12:05
Nº Rexistro: 23035
Data envío: 15/01/2018 12:05:42.520



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/01/2018 11:58:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 29.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 25684(10/PNC-001980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia de políticas destinadas á posta en marcha de políticas tendentes a evitar as desigualdades entre territorios e á cohesión social

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O despoboamento é un dos maiores problemas que Galicia ten na actualidade, e as proxeccións a curto prazo (IGE 2016-2031) preséntannos un panorama desolador, prevendo unha perda total de 230.722 persoas entre 2017-2031, o que supón perder o 68,56 % da poboación actual de Lugo ou o 74,05 % da poboación de Ourense.

Na actualidade en Galicia existe un desequilibrio demográfico claramente marcado, así mentres a maior parte da poboación se concentra nas provincias da Coruña e Pontevedra, as provincias de Lugo e Ourense teñen a maior dispersión poboacional, así como de zonas despoboadas. E dentro das provincias atlánticas, a maior concentración poboacional establécese ao longo do trazado da AP-9.

Nun segundo nivel, temos a polarización territorial entre o rural e o urbano; así, mentres que a poboación acumúlase nas áreas urbanas e as súas áreas de influencia, a maior parte dos concellos sofren unha perda de poboación alarmante ano tras ano.

O despoboamento afecta directamente ao equilibrio do noso Estado de benestar, entrando nun círculo vicioso no que a dificultade para a prestación de servizos (menor número de beneficiarios, encarecemento dos servizos, dificultade para o acceso ás novas tecnoloxías) implica emigración pola falta de servizos e oportunidades.

Esta emigración implica que as persoas que marchan son o potencial máis novo en idade de traballar, coa consecuencia lóxica da caída da natalidade e da poboación infantil, permanecendo, na súa maioría, as de maior idade.



Grupo Parlamentario

Esta situación concrétase nunha drástica redución das expectativas de reemprazo e equilibrio a medio prazo da relación de dependencia.

A realidade exige medidas políticas urxentes que eviten que perdamos o futuro, que diminúa a nosa calidade de vida, que perdamos oportunidades, que aumenten as desigualdades entre territorios e, polo tanto, poñer en risco a cohesión social, conculcando dereitos fundamentais constitucionalmente protexidos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1º) Impulsar e coordinar políticas concretas para os territorios que presentan graves riscos demográficos, aplicando criterios compensadores para o mantemento de servizos básicos no medio rural.
- 2º) Establecer estándares de acceso, con isocronas, a infraestruturas e servizos públicos cuxo déficit territorial determine a asignación de investimentos da Xunta de Galicia, nomeadamente:
 - a) Acceso a servizos sanitarios: atención primaria, especializada e hospitalaria.
 - b) Acceso a servizos educativos: educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional.
 - c) Acceso a centros residenciais e de día.
 - d) Acceso a escolas infantís.
- 3º) Aplicar, de forma progresiva, o conxunto das recomendacións aprobadas pola Comisión de Despoboación da FEMP.
- 4º) Aplicar urxentemente un plan de conectividade e fomento do uso eficiente das TIC, que permita o uso das novas tecnoloxías en zonas especialmente despoboadas, que permita acadar con urxencia unha cobertura mínima de 10 Mbps, como mínimo, no 90 % dos fogares.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 10:50
Nº Rexistro: 25684
Data envío: 08/02/2018 10:50:09.678



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 10:42:26

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2018 10:42:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2018 10:42:41

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 29.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 31098(10/PNC-002507)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co cumprimento dos principios e actuacións da economía social polas cooperativas de traballo asociado

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 17:56
Nº Rexistro: 31098
Data envío: 16/05/2018 17:56:46.615



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As cooperativas de traballo asociado, como formula da economía social, son experiencias empresariais de enorme valor, non so por servir de alternativa de autoemprego para os seus promotores senón polos valores que estas formulas empresariais incorporan.

As cooperativas de traballo asociado conxugan ao tempo profesionalidade, flexibilidade e participación. Representan un modelo de empresa no que os obxectivos económicos e empresariais intégranse con outros de carácter social. Conséguese, así, un crecemento económico baseado no emprego, a equidade social e a igualdade.

Poren algunhas persoas deturpan este espírito creando falsas cooperativas de traballo asociado que non teñen como finalidade cumprir cos principios de economía social senón actuar como empresas de traballo temporal subministrando man de obra temporal a empresas puramente mercantís.

Este tipo de falsas cooperativas son utilizadas para poñer traballadores a disposición das empresa clientes coa finalidade de agochar unha relación laboral baixo a aparencia dunha relación mercantil.

Estas falsas cooperativas de traballo asociado están ao servizo da subcontratación e a descentralización produtiva das grandes empresas, que utilizan as cooperativas como fórmula para abaratar os seus custes laborais.



En síntese, a empresa principal utiliza esta fórmula de contratación para impoñer un cambio radical no modelo de xestión de Recursos Humanos da empresa porque substitúe unha relación laboral por unha simple relación mercantil. Agora ben, este modelo se non cumpre con determinadas características pode constituír unha fraude porque en realidade está encubriendo unha cesión ilegal de traballadores.

Esta é a situación na que se atopa a inmensa maioría das grandes empresas do sector cárnico en España, que levan anos utilizando cooperativas de traballo asociado para realizar as tarefas principais do proceso de produción.

A maioría das empresas do Estado ten subcontratado cunha única cooperativa a actividade do matadoiro, o despece e a elaboración dos produtos cárnicos, isto é, o núcleo central da actividade do negocio.

Unha situación inaceptable de precariedade laboral que foi motivo de denuncias sindicais e duros conflitos laborais, con actas de infracción da Inspección de Traballo e mesmo sentenzas xudiciais declarando como irregulares estas prácticas e como fraude a contratación da cooperativa de traballo asociado que se considera unha falsa empresa.

Obviamente, a industria cárnica en Galicia non é allea a esta problemática con características propias porque esta actividade ten un elevadísimo nivel de concentración nun grupo empresarial que subcontrata unha parte moi significativa da súa actividade con unha soa empresa cooperativa.

Cos datos que se coñecen —que teñen a orixe nos sindicatos— en Galicia son preto de 1.900 as persoas que formalmente están empregados pola cooperativa traballando para a empresa principal que a contrata.

No sector cárnico, na fase de matadoiro, despece e elaboración traballan en total 4.000 persoas, o que significa que a presunta fraude de contratación laboral chega a case o 50% do total do emprego no sector.



Outra fórmula diferente, pero igualmente fraudulenta, é a utilización de cooperativas como axencias de colocación. Neste como non se trata de que unha cooperativa asuma a realización das tarefas máis relevantes no proceso de produción da empresa que a contrata.

A fórmula é poñer a disposición de calquera empresa en calquera lugar do Estado persoas que fagan traballos ocasionais, cubrindo baixas, vacacións ou incremento da produción.

Xa non é unha empresa cooperativa dentro doutra gran empresa, senón persoas individuais repartidas por factorías de todo o Estado facendo múltiples tarefas diferentes. A condición e a obrigatoriedade de darse de alta como cooperativistas antes de pasar a disposición da empresa contratista, que agocha unha relación laboral detrás dunha relación mercantil.

Isto obviamente é un fraude de lei, porque vulnera os principios que fundamentan as cooperativas, porque non é máis que cesión ilegal de traballadores porque se utiliza unha fórmula xurídica inapropiada coa única finalidade de devaluar as condicións laborais, os salarios e os dereitos das persoas contratadas.

Defender o cooperativismo é combater o uso fraudulento dos fondos da economía social. Por iso, para salvagardar os dereitos laborais, para combater a fraude, para acabar cas prácticas irregulares que danan a imaxe do sector, para impedir a competencia desleal é necesario actuar urxentemente en Galicia contra a utilización fraudulenta de cooperativas de traballo asociado.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Iniciar os trámites necesarios para a descualificación como cooperativas de traballo asociado aquelas cooperativas que non cumpran cos principios e



actuacións da economía social, en todas as súas fases, dende a creación das mesmas ao seu funcionamento, en especial na composición e no grao de participación dos socios cooperativistas.

2.- A iniciar os trámites para reformar a Lei 5/1998 de 18 de xullo de cooperativas de Galicia para impedir o uso fraudulento das fórmulas da economía social para agochar relacións laborais.

3. Para que se dirixa á Inspección de Traballo para poñer en marcha un plan especial urxente de inspección das condicións laborais nas cooperativas que actúan como axencias de colocación para outras empresas, incumprindo os principios da economía social e o autoemprego.

4.- A actuar diante das grandes empresas do sector cárnico para que renuncien a utilizar fórmulas supostamente fraudulentas de contratación a través de falsas cooperativas que actúan como axencias de colocación e non como empresas da economía social, co resultado do grave deterioro das condicións de traballo das persoas así contratadas.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 16/05/2018 17:54:41



Luis Villares Naveira na data 16/05/2018 17:54:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 17:56
Nº Registro: 31098
Data envío: 16/05/2018 17:56:46.615



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 29.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 31661(10/PNC-002567)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha estratexia de emprego centrada nas mulleres e na xente moza, que permita evitar as desigualdades de xénero e idade

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Malia que o salario medio anual de Galicia medrou un 2,2% con respecto ao ano 2015, situándose nos 21.082 euros, no ano 2016 continúa sendo o cuarto máis baixo do Estado. A media salarial galega está máis de 2.000 euros por debaixo da media estatal, de 23.156,34.

Os territorios con mellor media salarial son o País Vasco (27.480,7 euros), Madrid (26.330,1 euros) y Navarra (25.468,3 euros). A diferenza con respecto a Galicia é máis que salientable.

Aínda por riba, a fenda salarial de xénero incrementouse en Galicia. Aínda que aumentaron os salarios dos homes e das mulleres, os primeiros perciben un 2.5% máis que o ano anterior e as mulleres un 1,1% máis. O crecemento do salario masculino é máis do dobre que o feminino. Os homes gañan así 585 euros máis, alcanzando os 23.774,2, e as mulleres só 200 euros máis, chegando aos 18.294,5. A brecha bruta é polo tanto de case 5.500 euros anuais.

O aumento da desigualdade en Galicia contrasta co seu descenso no resto do Estado. Se no ano 2015 as mulleres cobraban de media un 22,8% menos que os homes, no ano 2016 a diferenza entre os sexos era de 22,3%.



Porcentualmente, os varóns galegos cobran de media un 30% máis que as súas compañeiras, o que os sitúa 7 puntos por enriba da cifra do estado de fenda salarial. Trátase, polo tanto, dun problema que se agrava no noso territorio. Algo semellante non pode acontecer por casualidade, senón que ten que ter algún tipo de causa estrutural sobre a que o Goberno tería que actuar.

Cando atendemos aos datos da precariedade, novamente as mulleres son as peor paradas. No ano 2016 o número de mulleres con ingresos iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional foi do 17,8%. Os homes na mesma situación non chegan ao 7,8%.

A mocidade comproba tamén como a recuperación reivindicada polo Partido Popular lles pasa de largo. Os menores de 20 anos foron os que máis viron reducir o seu salario medio no ano 2016, pero o resto de mozas e mozos tamén padeceron recortes. Os ocupados e ocupadas de entre 24 e 34 anos gañaron unha media de 16.464 euros, un 1,7 menos que no 2015.

Todo isto sucede ao mesmo tempo que se incrementa a fenda salarial entres os máis ricos e os máis pobres. Cómpre, polo tanto, tomar medidas para que cando chegue a recuperación económica non deixe a ninguén atrás e contribúa a limar as desigualdades que aínda hoxe se perpetúan.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia de emprego centrada nas mulleres e na xente moza, que permita sortear as desigualdades de xénero e idade.



Santiago de Compostela, 30 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 30/05/2018 18:04:47

Julia Torregrosa Sañudo na data 30/05/2018 18:04:59

Marcos Cal Ogando na data 30/05/2018 18:05:15

Luis Villares Naveira na data 30/05/2018 18:05:26

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 29.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 32480(10/PNC-002655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o establecemento de beneficios fiscais para as persoas afectadas pola explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de Tui.
(Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 323, 20.06.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 13:38
Nº Rexistro: 32480
Data envío: 15/06/2018 13:38:56.868

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Moisés Rodríguez Pérez, José González Vázquez, Alberto Pazos Couñago, Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Cristina Romero Fernández, Gonzalo Trénor López e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola preocupación xerada, ante a explosión pirotécnica rexistrada o pasado 23 de maio en Tui e que ten ocasionado danos persoais irreparables, ademais de cuantiosos danos materiais nas vivendas de moitas familias.

Exposición de motivos

O día 23 de maio de 2018 produciuse na parroquia de Paramos, no concello de Tui (Pontevedra) una explosión de material pirotécnico que se encontraba nunha nave anexa a unha vivenda na citada parroquia. A explosión foi de tal magnitude que alcanzou un raio de 600 metros e a súa onda expansiva sentiuse a máis de catro quilómetros do lugar dos feitos, provocando dous falecidos e numerosos feridos, así como a destrución e afectación a numerosas vivendas da contorna.

A existencia deste tipo de situacións de emerxencia excepcional ou calamidade pública comporta danos persoais e materiais que determinan unha situación de emerxencia humanitaria e social para os afectados, o que fai necesario articular mecanismos de colaboración e cooperación entre todas as administracións implicadas, en concreto, mediante o establecemento dun sistema de axudas que palién os danos causados pola explosión, que atendan as situacións de necesidade en que se poidan encontrar os veciños e persoas directamente afectadas, e mesmo contribúan á restauración comunitaria e urbanística da zona afectada para que poida volver á normalidade.

O artigo 38 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, prevé a actuación das administracións públicas, dentro das súas respectivas competencias, para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade afectada pola situación de emerxencia, así como o establecemento de axudas en atención ás necesidades derivadas deste tipo de situacións.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 13:38
Nº Rexistro: 32480
Data envío: 15/06/2018 13:38:56.868

Logo de informe da Axencia Galega de Emerxencias, declárase como de emerxencia de natureza excepcional a situación producida pola explosión de material pirotécnico en Tui o 23 de maio de 2018.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 31 de marzo de 2010, adoptou o acordo polo que se establecen as directrices básicas de actuación coa finalidade de restablecer os servizos esenciais afectados como consecuencia dunha emerxencia ou calamidade, así como de protexer a integridade das persoas e bens de titularidade pública ou privada e os danos provocados por estas situacións.

Deste xeito, establécese un protocolo de actuación que deberá ser seguido nestas situacións, de modo que, mediante decreto, se acorde a oportunidade de outorgar axudas destinadas á reparación dos danos e perdas causados.

De acordo con este protocolo aprobouse o Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados pola explosión. Neste Decreto establécense axudas de diferente tipo:

- Axudas a persoas en situación de orfandade.
- Axudas por danos causados en vivendas e enxoval doméstico.
- Axudas por danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís.
- Axudas por danos nas explotacións agrícolas ou gandeiras.

Aínda que a explosión provocou danos moi localizados, o certo é que tivo consecuencias moi gravosas para as persoas afectadas polo que para o grupo parlamentario popular é claro que temos que ir máis na procura de dar unha total cobertura ós afectados. Dentro de esa cobertura débese de contemplar tamén as consecuencias fiscais que ten a percepción das axudas concedidas así como a posibilidade de non cobrar determinadas impostos que gravan feitos ou actividades que non se poden desenvolver a consecuencia da explosión.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 13:38
Nº Rexistro: 32480
Data envío: 15/06/2018 13:38:56.868

Polo anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que estableza os seguintes beneficios fiscais respecto dos afectados pola explosión de Tui:

- Exención no seu IRPF das axudas autonómicas percibidas en base ao Decreto 55/2018.
- Exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio 2018, que afecten a vivendas, establecementos industriais e mercantís, locais de traballo e similares, de natureza urbana, situados no ámbito xeográfico de afectación da explosión, cando se acredite que tanto as persoas como os ben situados naqueles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos. A diminución de ingresos que se lle produza ao Concello de Tui por esta exención deberá de ser compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- Redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio 2018 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais cuxos locais de negocios ou bens afectos a esa actividade fosen danados como consecuencia directa da explosión, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados ao efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2017. A diminución de ingresos que se lle produza ao Concello de Tui por esta exención deberá de ser compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- Exención das taxas da Xefatura Central de Tráfico para a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos pola explosión.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 13:38
Nº Rexistro: 32480
Data envío: 15/06/2018 13:38:56.868

- Redución dos índices de rendemento neto no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas para actividades agrícolas e gandeiras afectadas pola explosión”.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/06/2018 13:36:20

Moisés Rodríguez Pérez na data 15/06/2018 13:36:30

José González Vázquez na data 15/06/2018 13:36:46

Alberto Pazos Couñago na data 15/06/2018 13:36:55

María Guadalupe Murillo Solís na data 15/06/2018 13:37:05

Paula Prado Del Río na data 15/06/2018 13:37:11

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/06/2018 13:37:22

Gonzalo Trenor López na data 15/06/2018 13:37:33

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/06/2018 13:37:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com